



DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Esta data, na que se pretende exaltar as letras e a lingua galega coa nobre intención de fomentar o uso de ámbalas dúas, foi acordada pola Real Academia Galega no ano 1963, "con motivo de se celebrar aquel ano o centenario da publicación de *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro". O acordo levaba implícito o carácter de celebración anual, dado o simbolismo da conmemoración dunha obra tan importante para as letras galegas, xa que a devandita obra de Rosalía era considerada como "a primeira obra mestra coa que contou a literatura galega contemporánea e que a súa aparición veu a lle dar prestixio universal á nosa fala como instrumento de creación literaria", según explicaba a Academia que tomou a decisión. Ó descoñecerse o día exacto en que se publicara naquel 1863, escolleuse o 17 de maio por ser esa a data exacta na que Rosalía lle adicou os seus *Cantares Gallegos* a unha muller, tamén poeta e amiga: Cecilia Böhl de Faber, que firmaba como Fernán Caballero.


Dende ese ano de 1963 véñse celebrando en Galicia o día das Letras Galegas e cada ano está adicado a un escritor ou escritora que a Real Academia Galega propón. A primeira foi Rosalía de Castro, e o recente e último, Uxío Novoneyra. No medio, catro decenas largas de destacadas figuras das nosas letras, que non convén esquecer.

[Para ver a relación de escritores aos que se lles adicou o "día das Letras Galegas", consúltese esta páxina web: http://www.diadasletrasgalegas.com](http://www.diadasletrasgalegas.com)

Actividade sobre o listado anterior:

1. ¿Qué nomes, dos citados na lista que acabas de ver, son para ti máis coñecidos?
2. ¿Podías falar ou escribir durante algún tempo sobre algún deles, algo da súa vida ou da súa obra ou de ámbolos dous aspectos? Inténtao.

UXÍO NOVONEYRA (Parada do Courel, 1930 - Santiago de Compostela, 1999) é un dos grandes poetas que dou Galicia ó longo de tódolos tempos. Este ano de 2010, o día das "Letras Galegas", é decir, o recoñecemento oficial que dende a Real Academia da Lingua se fai a un escritor galego, con obra en galego e de cuio falecemento han de ter pasados, polo menos, dez anos, está adicado á súa memoria. Recoñecemento absolutamente merecido, pois Novoneyra é á literatura galega algo así como para a literatura castelá foron Federico García Lorca ou Juan Ramón Jiménez. E a comparación non é gratuita nin aleatoria, pois igual que estes dous grandes poetas da literatura castelá, Novoneyra foi quen de conseguir unha poesía enraizada na máis auténtica tradición popular, pero tamén anobada nas corrientes vangardistas da lírica europea. Logra, así, fundir tradición e renovación nun tipo de poesía singular, persoal e de gran altura literaria.



BIOGRAFÍA

1930 é o ano do nacemento de Uxío Novoneyra, un 19 de xaneiro, no máis crudo do inverno, na aldea de Parada de Moreda, na Serra do Courel, na provincia de Lugo.

Esta terra brava e dura, pero fermosa e suxestiva, será a patria inmorrente do futuro poeta. O Courel, coa súa grandiosidade, convertirase na súa experiencia máis vivida e máis profunda, en donde aprende a descubrir as sensacións líricas que é capaz de transmitir a Natureza, a sús forza e a súa atadura. O futuro poeta convertirase nun panteísta, devoto desa paisaxe, desa grandiosidade chea de sinxeleza, desa verdade natural e mística que lle transmitía aquela Serra.



Actividade complementaria:

Coa axuda dun mapa xeográfico de Galicia, buscar a situación da Serra do Courel, o seu entorno e as súas características históricas e sociais.

COUREL dos tesos cumes que ollan de lonxe!
Eiquí síntese ben o pouco que é un home...

TERRAS érmedas do Freixeiro!
Montes irados!
Pobos pobres
que se foron quedando nos ósos!

CUMES mouros das aigas!
Montes do sol e a auga!
Serras!
Terras solas ó sol e as nebras!

O sol baixa
de cara como un pai á flor da braña...

Pola Lomba
polas vagoadas e os cousos da Seara
pola Serra do Rebolo
e o Carreiro do Sono
vai o José de Parada

cara Viana do Bolo e Val di Orras
subindo e baixando as costas
nun soño de idas e voltas.

Diante e tras del a serra longa...

COUSOS do lobo!
Caborcos do xabarín!
Eidos solos
onde ninguén foi nin ha de ir!

O lobo! Os ollos o lombo do lobo!

Baixa o lobo polo ollo do bosco
movendo nas flairas dos teixos
ruxindo na folla dos carreiros
en busca de vagoada máis sola e máis medosa...

Rastrexa
párase e venta
finca a pouta ergue a testa e oula cara o ceo
con toda a sombra da noite na boca.

TERRAS ALTAS E SOLAS

Terras outas e solas!
Serras longas mouras!
Eu son esta coor de soidá...

Ancares soñados co lonxe!
Penas de Marco de Medio Mundo en ringuileira do/ Candedo ás Moás

Cimo da Devesa!
Alto da Lucenza
Formigueiros Montouto Pía-Páxaro
tesos cumes do Courel! Pobos pobres
ardidos de tristura mouros de queimados!

Lor ruxindo polo val pecho!

Ucedo e ucedo!
Fontiñas outas
penedos
carrozos escuros
fragas agros soutos e devesas!

Labregos e pastoras
que sóo vistes
estes tesos e estes vales!

Aturula a curuxa e canta o cuco
medindo o tempo quedo que se para no cor e tornándose
contra un vén cravarase no sitio onde máis se sente...

Estes versos pertencen o seu libro de poemas *Os Eidos*, o seu primeiro libro, que publica en 1955. Pero ¿qué pasou co poeta durante eses 25 anos que van dende 1930, data do seu nacemento, ata a publicación deste gran libro poético?

Pois que con 15 anos foi estudar o bacharelato a Lugo nun tempo en que ata as pequenas distancias eran moi longas. Que coñeceu a María Mariño, unha poeta galega de gran sensibilidade, que influirá na maneira de enfrentarse coa poesía. Tamén marchou a Madrid, onde asistiu a clases de Filosofía e Letras na Universidade, levado polo seu interese pola literatura. Retornou pronto a Galicia para cumprir co deber do servizo militar. Pero ó seu remate ten que voltar ó Courel para curar unha doenza pulmonar que se lle manifestou case repentinamente. É o ano 1953 o do retorno ás súas terras da alta serra, onde permanecerá durante nove anos, que son vitales para a súa identificación con aquela paisaxe e coa xente que a habitaba. Foi a maneira natural como Uxío Novoneyra chegou á comunión espiritual e solidaria con Galicia, representada polo seu mundo do Courel. Este foi a correa de transmisión que lle removiu a súa conciencia nacionalista, axudado por o coñecimento e trato que tivo durante a súa estadía en Lugo con Manuel María, máis continuadamente, e con outros escritores Galegos un pouco máis vellos ca el, como Ánxel Fole, Luis Pimentel, Celestino Fernández de la Vega ou Ramón Piñeiro.

Actividade complementaria

Estos son escritores lugueses (de Lugo e provincia) que formaron un grupo importante para as Letras Galegas. Polas mesmas datas, hai outro grupo de gran prestixio en Ourense. ¿Podías citar algún escritor dese grupo ourensán?

1962: Xa recuperado, volta a Madrid, onde traballa na radio e na televisión. A súa voz profunda era a mellor carta de presentación para traballar en medios audiovisuais. Residirá na capital ata 1966.

En 1973 casa con Elba Rei e vivirá entre O Courel e Lugo. E, sucesivamente nestes anos, van vindo os fillos: tres.

A partires de 1983, a familia instálase definitivamente en Santiago de Compostela. Aquí morrerá, o 30 de outubro de 1999, cando aínda o outono se negaba a deixarlle o sitio ó inverno na serra do Courel.



A SÚA OBRA POÉTICA

Dende 1955, en que publicara *Os eidos*, con prólogo de Ramón Piñeiro, o poeta tarda máis de dez anos en publicar un novo libro: será en 1966 cando, nunha edición bilingüe, publique *Elegías del Caurel y otros poemas*. A súa terra nai sempre presente. Porque en 1974, publicará *Os Eidos II*, con ilustracións de Laxeiro, seguindo así o excelente ciclo poético inspirado nas terras do Courel, que aínda coñecerá máis títulos e ampliacións, como *Os Eidos. Libro do Courel* (1985) ou *Do Courel a Compostela. 1956-1986* (1988). Está claro que é o seu gran tema poético, aínda que non o único, no que se

vertebra o plano dunha reflexión existencial co da captación panteísta da paisaxe.

Novoneyra ten o gran mérito de saber facerse o intérprete espiritual da grandeza natural do Courel. Soupo vivir e assimilar a inmensidade e a soedade da Serra para fundirse con ela en palabras poéticas, que remiten ós ruidos ancestrais do fluir da auga polas correntías dos montes, ó cantar dos paxaros, ó ruxido dos castiñeiros castigados polo vendaval, ó lonxano oubear do lobo solitario.

Pero o Courel non é o único tema poético. Lendo a Novoneyra tamén encontramos un poeta comprometido coa realidade social e política de Galicia, que denuncia a miseria moral da realidade coa que se atopa, tanto aquí como noutros lugares do mundo: os poemas “Letanía de Galiza” e “Vietnam Canto” son dous bos exemplos.

LETANÍA DE GALICIA

GALICIA digo eu ún di
GALICIA decimos todos
hastr'os que calan din
e saben

GALICIA
GALICIA
GALICIA
sabemos

GALICIA da dor
GALICIA da tristura
GALICIA do silencio
GALICIA da fame
GALICIA vendada
GALICIA tapeada
GALICIA atrelada

chora á forza
triste á forza
calada á forza
emigrante á forza
cega á forza
xorda á forza
queda á forza

libre pra servir
libre pra non ser
libre pra morrer
libre pra fuxir

libre pra servir
libre pra non ser
libre pra morrer
libre pra fuxir

GALICIA labrega
GALICIA mariñeira
GALICIA obreira
GALICIA irmandiña
GALICIA viva inda

GALICIA nosa
GALICIA nosa
GALICIA nosa

recóllote da TERRA
recóllote do PUEBLO
recóllote da HISTORIA

estás mui fonda
estás n'íl toda
estás borrosa

recóllote i érgote no verbo enteiro
no verbo verdadeiro que fala o pueblo
recóllote pros novos que vein con forza
pros que inda non marcou a malla d'argola
pros que saben que ti podes ser outra cousa
pros que saben que o home pode ser outra cousa

*sabemos que ti podes ser outra cousa
sabemos que o home pode ser outra cousa*

Así recita Novoneyra este poema: www.youtube.com/watch?v=K8_jFWgaBWg

En 1979 publica *Poemas caligráficos*, con un prólogo de Reimundo Patiño, un intento moi vangardista de lograr unha poesía gráfica-visual, que atenda máis ó concepto que á forma lingüística.

En 1991 e en 1994 publica, respectivamente, *Tempo de elexía* e *Poemas da doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras*.

UN POEMA CALIGRÁFICO

Cántoche aposta pra ter os teus favores deusa
gran cousa é abondar o teu seo a vrao vido
namais chegarlle terte a sola ti por beira
xa señas nova e noiva de en por hoxe
xa señas diaria miña sola sempre

longuismo labiolingua lambe lua
sal quente e nembro a nembro atopa todo
pra perdelo a volver de novo novamente

clameando chamando en chama pedindo
un novo intre aquí tan prometido
cando eramos nenos do sol soltos polos soutos
perdido e certismos de atoparte oh núa

n
o n d
d o d a
d a
cómo
cómo
d s
d o a s
o b l a
b l
debrocas pra miña boca
pasas on ora por toda a miña pel
e
s
b
a
r
a
s oc
roch
axustas como un broche
roch
oc

TODO floxo e sin á m e t o
m m
e e
t t
o o

compría romper principiando por todo
compría xirar xirar i espallar e xuntar a ver que saía
pois fora non hai orden algún que valia de imaxen

entrou o INVERNO toda a PRIMAVERA
XANEIRO ou MAIO?
a tua rara beleza crebeina entr'os brazos
i era a máis rara

fago ademán de erguirme e xa veis
escureceu tral'a fiestra e sin noite tampouco

...

non non é así como somos nin ti nin eu nin todo
é a peste da HISTORIA
ou tamén esto é disculparse e ún non sólo non é
ún nin foi o que foi?

RAGOS DA SÚA POESÍA:

- Se a súa poesía foi sempre austera e directa, lingüísticamente, co paso do anos esa labor de depuración foise acrecentando ata chegar a unha austeridade expresiva sorprendente.
- No poeta prevalece a importancia dada á reflexión conceptual sobre beleza formal do poema, de ahí esa criba e depuración constante do material lingüístico e formal. As palabras, poucas, precisas, exactas, van sempre moito máis alá do que semánticamente describen ou nomean. Evocan ou invocan unha realidade eterna e universal que subiace por debaixo delas.
- Na súa poesía, ademais, destácase a oralidade, a beleza envolvente dos seus versos ó seren recitados en voz alta. Aspecto que quedaba absolutamente claro cando quen os recitaba era o propio Novoneyra, un consumado rapsoda.

A poesía de Novoneyra, profunda e directa, foi ganando recoñecemento, ano tras ano, entre o público galego e a crítica versada, ata o punto de ser considerado, xa en vida de el, un clásico das nosas letras. Polo seu nome e prestixio, foi presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega ata a súa morte, en 1999.

Actividades finais (para contestar oralmente):

1. Lugares xeográficos nos que viviu algún tempo da súa vida Uxío Novoneyra.
2. ¿Como se imaxina un a serra do Courel despois de ler eses versos de Novoneyra?
3. Nomea algunha das obras do poeta.
4. ¿Por qué volve Novoneyra ao Courel despois de marchar a primeira vez para Madrid?
5. Díciase que Novoneyra, ademais de ser un intérprete espiritual da súa terra, á que cantou reiteradamente, tamén escribiu unha poesía social. ¿Que se entende por iso?
6. Podías comentar algo sobre a Asociación de Escritores en Lingua Galega. Buscádeo en Internet para máis información, e apuntade o Nome dos dous presidentes que seguiron a Novoneyra.
7. ¿Por qué se afirmaba, ao principio, que Novoneyra era un poeta tradicional e vangardista? ¿Podes razoalo?

XOSÉ A. PONTE FAR